

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PARA FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA FACHADA MARÍTIMA DE VIGO

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A Autoridade Portuaria de Vigo comezou nos anos noventa un ambicioso proxecto de abrir Vigo ao mar. As actuacións realizadas centráronse na zona central do porto. Na actualidade traballa en dous proxectos para humanizar a Avenida Beiramar, entre a rúa Coruña e Bouzas, e para construír unha senda peonil e ciclista no tramo do Berbés, entre a Laxe e a entrada ao porto pesqueiro.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resilencia (MRR), recolleu nos seus orzamentos o proxecto "Fachada marítima de Vigo" baseado nunha recuperación sostible e resiliente de dito entorno marítimo que incida nunha maior calidade de vida da cidadanía e no seu desenvolvemento económico e social.

As actuacións obxecto deste convenio profundizan nese proxecto iniciado fai anos de abrir Vigo ao mar e humaniza un gran espazo ao facelo máis transitable por todos os usuarios ao tempo que mantén os servizo propios do porto, importante motor económico da cidade de Vigo.



3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en 4.500.000,00 €) IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará os gastos de execución das obras, ata un máximo de **3.500.000,00 €** con cargo á partida orzamentaria 09.A1.512B.703. código de proxecto 2022-00004, distribuído en tres anualidades:

AÑO	IMPORTE €
2022	1.000.000,00
2023	2.000.000,00
2024	500.000,00
TOTAL	3.500.000,00

O resto do investimetno corre por conta da Autoriadade Portuaria de Vigo

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria de Vigo que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión directa dunha subvención

Segundo o artigo 19.4a) da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia poderán concederse de forma directa as subvención previstas nominativamente nos orzamentos xerais





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE



Xacobeo
21-22



da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A importancia desta actuación levou a Axencia Gaelga de Infraestruturas a incorporala nos seus orzamentos co código de proxecto específico 2022-00004, polo que se xustifica a concesión directa dunha subvención á Autoridade Portuaria de Vigo coas condicións e obrigas recollidas no texto do conveino.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

